

Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E DOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL ONCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás dezaseis horas e trinta minutos do serán do vinte e dous de decembro de dous mil once, reúnese en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmorís Aldao, Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López, baixo a Presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa. Actúa de Secretaria Dona Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debate-los asuntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DOS PLENOS DOS DÍAS VINTE E CINCO DE OUTUBRO E VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE 2011. - Os membros do Pleno non fixeron observacións algunha polo que se considera aprobada.

2.- CREACION DA SEDE ELECTRONICA DO CONCELLO DE CERDIDO COMO SUBSEDE DA SEDE ELECTRONICA DA DEPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA. Leda a proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación: Logo da entrada en vigor da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, creou o concepto de «sede electrónica», xustificando pola «necesidade de definir claramente a «sede» administrativa electrónica coa que se establecen as relacións, promovendo un réxime de identificación, autenticación, contido mínimo, protección xurídica, accesibilidade, dispoñibilidade e responsabilidade». O artigo 10.1 da mesma lei define a sede electrónica como «aquela dirección electrónica dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a unha administración pública, órgano ou entidade administrativa no exercicio das súas competencias». O apartado 3 do mesmo artigo establece que «cada administración pública determinará as condicións e instrumentos de creación das sedes electrónicas. É dada a oportunidade que da a Deputación da Coruña que por acordo plenario, do 29 de abril de 2011, publicado definitivamente no Boletín Oficial da Provincia nº 162 - xoves, 25 de agosto de 2011, creou a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, cuxo ámbito de aplicación é a totalidade da administración da Deputación provincial, no artigo 14 apartado 4. desta sinalase que estenderá o seu ámbito aos organismos públicos e outras entidades locais que se determinen nos convenios de colaboración que, no seu caso, subscriba a Deputación Provincial da Coruña cos titulares dos organismos públicos e entidades locais, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo: **PRIMEIRO:** A creación da sede electrónica do concello de Cerdido, de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico de referencia será: Cerdido configurándose como unha subsede da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña (sede.dicoruna.es) e que estará accesible para a cidadanía directamente a través do seu enderezo ou a través do enderezo desta última. **SEGUNDO:** A delegación da xestión e administración da sede

electrónica municipal e para tal fin, a adhesión ao convenio marco de colaboración aprobado pola Deputación Provincial da Coruña para a utilización compartida da súa sede electrónica. TERCEIRO Realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio e, en particular, adoptar o acordo de encomenda de xestión entre o concello e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de empregado público, selo e sede electrónica, que resulta necesario para a aplicación do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia. CUARTO: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia. Cerdido, 2 de decembro de 2011. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior.**


A **Alcaldesa**, explica que a moción posibilitará que todos os veciños poidan solicitar o que precisan vía internet.

3. EXPEDIENTE PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO. Leda a proposta que se transcribe a continuación: Motivado pola necesidade de facilitar o pago da taxa pola recollida do lixo os veciños e veciñas de Cerdido e dada a posibilidade de fraccionar a cota tributaria en dúas cotas semestrais sen alterar o importe total, esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo. **Primeiro:** Modificar o artigo 6 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo que quedaría redactado do seguinte xeito aparecendo como subliñado a parte a modificar. **Artigo 6º. Cota tributaria.** De conformidade co previsto no artigo 62.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecer::1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e da categoría do lugar, praza, rúa ou. vía pública onde están situados aqueles.

2.- A tal efecto aplicarase a seguinte taifa: Conceptos. -Categoría única.- Epígrafe 1º. Vivendas. Por cada vivenda: 40,00 euros. (Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazas) Epígrafe 2º. Establecementos turísticos. Hoteis, hostais, casas rurais, pensións, restaurantes con locais superiores a 120 metros cadrados e demais centros análogos: 150,00 euros. Epígrafe 3º. Establecementos comerciais, mercantís, etc, con uso diferente a vivenda con locais superiores a 120m² e bares sen comedor: 90,00 euros. Epígrafe 4º. Outros establecementos comerciais, mercantís, etc, con uso diferente a vivenda inferiores a 120m²: 70,00 euros. As cotas consignadas na tarifa corresponde a doce meses que se fraccionarán en dúas cotas semestrais. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior.**

A **Alcaldesa** afirma que a taxa esta baixa e como primeira medida vaise fraccionar a cota en dous para facilitarlle o pago ós veciños.

O Concelleiro D. Cándido Prieto Hermida pregunta porque non se fai o mesmo coa taxa por abastecemento de auga.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

A **Alcaldesa** explica que se estivo estudando tamén esta posibilidade pero moitas das cotas son baixas o redor dos 10 € e que para cobrar en dúas veces deberíase ler os contadores dúas veces o ano intentando que coincidiras períodos de seis meses cada lectura.

O **Concelleiro D. Roberto O. López López** expón a posibilidade de cobrar unicamente en dous fraccións aquelas coutas que superen unha determinada cantidade e solicita que nos recibos figure a lectura anterior e posterior.

4.- EXPEDIENTE PARA A APROBACIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL PARA O ANO 2012 E O CADRO DE PERSOAL. Leda a proposta da alcaldía do tenor literal seguinte: Unha vez realizado o proxecto de presuposto municipais para o ano 2012 que ascende a un total de ingresos e gastos de **932.633,000 euros**, cos que se pretende facer fronte a tódolos proxectos de gastos que pretende realizalo concello no vindeiro exercicio económico e que se concretan na documentación que obra no expediente de aprobación do presuposto e atendendo o disposto nos artigos 162 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e demais normativa a aplicar, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte **ACORDO:Primeiro: Aprobar inicialmente o presupostos deste concello para o ano 2012**, por unha contía, tanto a nivel de ingresos como de gastos **de novecentos trinta e dous seiscientos trinta e tres euros (932. 633,00 €)** e que se resume por capítulos nos cadros seguintes

:

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Cap	Denominación	Euros	Cap	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	490.151,02	1	Impostos directos	171.000,00
2	Gastos en bens correntes	298.120,00	2	Impostos indirectos	8.000,00
3	Gastos financeiros	200,00	3	Taxas e outros ingresos	93.281,69
4	Transferencias correntes	10900,00	4	Transferencias correntes	535.185,95
5			5	Ingresos patrimoniais	20.000,00
6	Investimentos reais	133.261,98	6	Alleamento de investimentos reais	
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	105.164,36
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
Suma		932.633,00	Suma		932.633,00


Segundo: Aproba-lo cadro de persoal do concello para o ano 2012. **Terceiro:** Inicialo período de **exposición ó público** por un período de quince días, no BOP, e no taboleiro de anuncios do concello, en caso de que non se presentaren reclamacións neste prazo, o presuposto para o ano 2012, considerarase definitivamente aprobado, polo que se deberá publicar, resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. **Cuarto:** Remitirlle unha copia dos presupostos a Administración Autonómica e a Administración do Estado, así como unha copia do cadro de persoal. Cerdido, 9 de decembro do 2011. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno**

en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior. Cinco votos a favor dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmorís Aldao e o voto da Sra. Alcaldesa. Tres votos en contra dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña e Don Cándido Eusebio Prieto Lago e unha abstención do Concelleiro Don Roberto Oscar López López.

A **Alcaldesa** explica que os presupostos sofren un descenso respecto o ano anterior, motivado pola baixada de ingresos e o aumento dos gastos. En ingresos aumenta o recadado polas taxas municipais así como a dotación dunha partida do POS adicada a gastos ordinarios o redor dos trinta mil euros. Os gastos de servizos sociais se incrementa o redor dun 4% motivado polo consignando polo programa d fomento de emprego da Consellería de Trballo e Benestar. Non se contempla un aumento das retribucións dos traballadores municipais a espera do que se regule na Lei de orzamento do Estado,destacando en materia de gastos a redución a aportación as asociacións.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro, afirma que ano tras ano os presupostos municipais veñen diminuído sen que se presuposte nada en proxectos que xeren cartos para o Concello e se pregunta como se vai a parar esta dependencia do Concello o que aportan outras Administracións, e entende que o Concello ten que facer mais esforzo en taxas municipais. En materia de investimentos se consigan un 14 % do total e entende que esta cantidade é preocupante, en relación o persoal adícanse un 52% existindo unha partida para horas extras o que non entende porque no anterior pleno se dixo que non se pagaban os traballadores e non entende porque a uns se paga e outros non e se lles da tempo por tempo e solicita que se regule este tema. Incrementáanse os ingresos en Servizos Sociais e solicita que se lle aclare en base a que se consigna este aumento. Hai un incremento nos gastos de enerxía eléctrica e entende que se debería realizar un plan de axuste enerxético e proceder a cambiar e revisar o alumeado do campo de fútbol porque é antigo e consume moito e pregunta se se realizou a revisión dos contratos de enerxía electiva dado que noutros concellos se penaliza se esta non se realiza. En relación a feira da Barqueira pregunta canto se destina para a súa realización. Solicita que se incremente a partida para emerxencia social e que se regule o procedemento para a súa concesión as familias. En canto os gastos de dirección de obras aparece consignado tanto en ingresos como gastos e solicitar saber que paga estes gastos. Destaca que os ingresos por patrimonio redúcense respecto o ano anterior e entende que pode ser porque hai dúas vivendas baleiras, polo que solicita que se publicite mais e que se faga algún investimento para poder poderlle sacarlle maior rendibilidade. Respecto os ingresos pola taxa da auga consígnase a mesma cantidade que o ano anterior cando se fan moitos investimentos o que se supoñen que hai mais abonados e destaca que os ingresos pola planta fotovoltaica de seis euros non responde o presuposto dado no proxecto que poñía que xeraría o redor dos nove mil euros, polo que entende que non foi un bo investimento.

A Alcaldesa explica que o financiamento dos concellos ven supedita o que nos dean tanto a administración central como a autonómica. En canto as horas extras, é certo que Vituco cobra horas extras, porque vai sábados, domingos e festivos a controlar a auga e que os outros traballadores collen tempo por tempo cando hai unha avaría de auga e teñen que estar mais tempo do establecido pero é moi raro que veñan a traballar os sábados ou domingos. Os traballadores escollen o día que queren coller polas horas de



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es


mais traballadas. En canto o incremento nos ingresos dos servizos sociais ven motivado porque se consignou a aportación da Consellería de Traballo e Benestar para contratar a tres auxiliares de axuda no fogar como non concederon este ano. En canto a enerxía eléctrica subiron moito os prezos e crece necesario que se controle o seu uso e intentar que no campo de fútbol se apaguen as luces cando non se xoga e a xente está na cantina. Respecto a feira da Barqueira, consignouse un total de dous mil cen euros para poder organizar desde o concello o apoio a algunhas das feiras anuais, as máis significativas. En canto a emerxencia social deixouse unha partida de cincocentos euros, e se reparte segundo as peticións que hai ou os casos que son de xeral coñecemento e tras un informe do Traballador Social e solicita que se algún coñece algún caso que o transmita para poder atendelo e entende que é un tema difícil, porque algunha xente tras ofrecerlle a axuda non a quere. En canto aos gastos de dirección de obra deixouse algunha partida para poder realizar proxectos de obra por si en algún momento hai posibilidade de atender algunha subvención poder realizar e pagar o proxecto. En canto as vivendas non foron solicitadas por ninguén e pensa que o mellor se deberán cambiar as bases para poder facilitar o seu aluguer. En canto aos ingresos procedentes do abastecemento da auga, as moitas cotas coa cota mínima dado que a xente ten dúas traídas e soamente usa a municipal nas épocas de verán cando lle escasea a auga propia. En relación aos ingresos da fotovoltaica é certo que non se vai a recadar o que se pensaba, pero desde o momento da súa realización ata agora o goberno central baixou as tarifas desta enerxía o que non se explica cando suben a enerxía que pagamos.

O Concelleiro D. Roberto O. López López entende que dentro da situación actual hai unha baixada no presuposto pero esta non é moi grande pero entende que se segue no mesmo problema, que se están xestionando os gastos pero que non se vai máis aló, é necesario botarlle imaxinación e ser valente e consensuar algún proxecto importante para Cerdido, é necesario forzar a maquinaria aínda que haia a posibilidade de rompela, debemos ariscar para mellorar a situación. É necesario darlle un pulo o Polígono industrial e bota en falta que o proxecto do presuposto non se consensúa con todos os grupos municipais e poder participar todos na súa confección

5.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA. Lida a relación seguinte, os membros do Pleno déronse por informados.

Nº	Data	Descrición
Outubro 2011		
220	19/10/2011	Convocatoria de pleno ordinario o día 25 de outubro ás 19:00 horas
221	21/10/2011	Devolución de ingresos indebidos a favor de D. Miguel Dopico Ferreira
222	21/10/2011	Actualización da renda de aluguer do segundo piso das vivendas de Felgosas
223	24/10/2011	Devolución de garantía depositada por Villasuso Ortegá, S.L. correspondente á obra Camiño Casares ata cruce da Pallota do POS adicional 2009
224	28/10/2011	Licenza de obras nº 2011/008/000005 a Don/a MARIA DOLORES ARDAO PREGO para levar a cabo as obras de acondicionamento de local para óptica

		incorporada á farmacia no lugar de Felgosas, 3 A Barqueira
Novembro 2011		
225	02/11/2011	Autorización de uso dos locais do Castro a Asoc. MM. RR. “Albar Quercus” (Festa dos maiores)
226	02/11/2011	Concesión temporal da prestación básica de axuda no fogar a D ^a Josefa Pérez Pérez.
227	03/11/2011	Altas no padrón de habitantes en Noval, 3 – Cerdido
228	08/11/2011	Prorrogar ata 30/09/2012 a autorización de uso a asociación AFAES para uso dun local na Escola de Avispeira para por en marcha un centro de rehabilitación psicosocial
229	08/11/2011	Autorización de uso do pavillón polideportivo e o equipo de megafonía a PROMACER (III Xuntanza de Voluntarios contra Incendios Forestais)
230	09/11/2011	Cambio de titular da licenza de apertura e funcionamento do establecemento sito no lugar de Vila da Igrexa nº 20
231	11/11/2011	Autorización de uso dun local da Escola de Avispeira para clases de baile
232	14/11/2011	Devolución de garantía depositada por Estudio y Diseño de Galicia correspondente á obra “Mellora do parque infantil de O Castro”
233	15/11/2011	Aprobación de pago de facturas
234	16/11/2011	Altas no padrón de habitantes en Felgosas, 70 – A Barqueira
235	17/11/2011	Licenza de obras nº 2011/006/000010 a JOSÉ PIÑÓN TOJEIRO para levar a cabo as obras de construción duna beirarrúa de 12 m por 1,20 metros no lugar de Riba de Riba, 2 - Os Casás
236	17/11/2011	Aceptación de renuncia de licenza de obras de Ana Caneiro Campos para construción dun garaxe no lugar de Rocha - Cerdido
237	17/11/2011	Autorización de uso da Casa da Cultura a Comunidade de usuarios para unha reunión de socios
238	21/11/2011	Altas no padrón de habitantes en Casavella, 13 – A Barqueira
239	22/11/2011	Convocatoria de pleno extraordinario o día 30 de novembro ás 18:30 horas.
240	29/11/2011	Aprobación da certificación nº 1 da obra Camiño en Rebórdaos e aprobación da liquidación da taxa pola prestación dos servizos de dirección de obra e coordinación e seguridade e hixiene no traballo
241	29/11/2011	Autorización de uso dun local da Casa da Cultura a Asoc. MM. RR. “Albar Quercus” (Asemblea Xeral)
242	29/11/2011	Autorización de uso do pavillón municipal a Comisión de Festas de A Barqueira para xuntanza de entroido
243	30/11/2011	Devolución de garantía depositada por José M. Piñeiro López, S.L. correspondente á obra “Saneamento no Piñeiro e Abastecemento de auga en Os Cubos, Penso e As Barbelas”
244	30/11/2011	Altas no padrón de habitantes en Xiao, 8 - Cerdido
Decembro 2011		
245	01/12/2011	Licenza de obras nº 2011/006/000018 a D. JOSE-ANTONIO MARTINEZ GATO para colocación dunha nova tubería e dun depósito de fibra no lugar de Rego da Madeira - os Casás
246	02/12/2011	Licenza de obras nº 2011/008/000007 a D. JOSE ALBERTO ESPÍÑEIRA DATAS para construción dunha bodega para gardar apeiros de labranza no lugar de Seixas -



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

		Cerdido
247	05/12/2011	Aceptación de renuncia de licenza de obras de Ana Belén Graña Aneiros para levar a cabo as obras de de apertura de local de negocio no lugar de Domende – Cerdido
248	05/12/2011	Autorización de uso dun local de O Castro a María Elena Fernández Casal para a celebración dun aniversario infantil
249	07/12/2011	Inclusión no POS Adicional 1/2011 a obra: Camino Carracedo (Pita Graña -Fercoi) A Barqueira e outros
250	07/12/2011	Licenza a D ^a . Elisa Georgina Picos Luaces para a tenza de animais potencialmente perigosos no lugar de Seixidal, 2 - Os Casás
251	07/12/2011	Inscripción do can D ^a . Elisa Georgina Picos no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos co número 1/2008 e remitir este decreto a consellería de medio ambiente para que a súa inscrición no rexistro galego de animais potencialmente perigosos
252	07/12/2011	Aprobar a certificación nº 3 e final da obra: Camiño Covelo - Mestas - Santa Lucia (Casares)
253	08/12/2011	Emenda dun erro no decreto 249/2011
254	12/12/2011	Autorización de uso dun local de O Castro a Unión Deportiva Cebarca para unha xuntanza de xogadores e colaboradores
255	12/12/2011	Recoñecemento da consolidación de grado os funcionarios municipais.
256	13/12/2011	Convocatoria de Pleno ordinario

O Concellerío D. Roberto O. López López solicita aclaración dos seguintes decretos:

Nº 237. Quería saber si se lles cobrou algo por usar o local. A Alcaldesa afirma que non
Nº 247. En relación a que local se refire. A Alcaldesa afirma que cambiou o sistema de dar a licenza e un local de estética

Nº 250. A que animal se refire e suxire que se debería regular o tamén da tenza de animais perigosos.. A Alcaldesa afirma que é un can.

O Concelleiro D. Cándido Prieto Hermida solicita a aclaración dos seguintes decretos:

Nº 221. A alcaldesa afirma que foi un pago por vía electrónica que se realizou varias veces.

Nº 226. É unha persoa que lle da este servizo ate que remate o contrato coa auxiliar de axuda no fogar.


6.- MOCIONS DE URXENCIA

O Concelleiro D. Cándido Prieto Hermida presenta a seguinte moción motivando a urxencia por que ata dentro de dous meses non haberá outro pleno. Os membros do

Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aproban a incorporación desta moción a orde do día polo que se procede a súa lectura.

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO. Don. Cándido Prieto Lago, como Concelleiro do

Grupo Municipal Socialista do Excmo. Concello de Cerdido ao amparo do disposto no art. 9713 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante ese Pleno Corporativo a seguinte: **MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CERDIDO ADQUIRA UN DESFIBRILADOR AUTOMÁTICO (DESA).** EXPOSICIÓN. O artigo 43 da Constitución Española reconece o dereito de todos os cidadáns á protección da saúde e a competencia de os poderes públicos para organizar e tutelar a saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeneral de Sanidade, ten por obxecto a regulación xeneral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde. Actualmente, en España hai máis de 24.500 paradas cardíacas extrahospitalarias ao ano, moitas delas, sobre todo nos pacientes cardiopatas xa coñecidos, acontecen no seu domicilio. O 80% das mortes por insuficiencias cardiovasculares poderían evitarse se os afectados recibisen unha desfibrilación inmediata e, é por iso, polo que dende o Ministerio de Sanidade se incide en incrementar a instalación destes aparatos. A recomendación é que en todos os Centros de saúde ou lugares de moita concentración popular se conte con desfibrilador, co obxecto de que a actuación sexa inmediata e se realice nun tempo máximo de 4 minutos co fin dunha maior taxa de éxito. Trataríase de desfibrilador portátiles automáticos ou semiautomáticos, para que estes poidan ser utilizados por persoal paramédico ou mesmo por persoas sen ningún coñecemento, dado que os dispositivos automáticos dirixen a manobra a realizar para a resucitación cardíaca. Son innumerables os casos nos que a presenza dun desfibrilador salvou unha vida. Un desfibrilador é un aparato electrónico portátil que diagnostica e trata a parada cardiorrespiratoria cando é debida á fibrilación ventricular (en que o corazón ten actividade eléctrica pero sen efectividade mecánica) ou a unha taquicardia ventricular sen pulso (en que hai actividade eléctrica e neste caso o bombeo sanguíneo é ineficaz), restablecendo un ritmo cardíaco efectivo eléctrica e mecanicamente. Por iso, cada día son máis os Concellos que dotan as súas instalacións públicas con este tipo de aparellos e incluso as instalacións deportivas pois moitos casos dánse en xente nova que practica deportes aínda que non tivera ningún problema detectado con anterioridade. Neste contexto cabe destacar o feito de que entre todas as situacións de emerxencia sanitaria, que na nosa sociedade comporta riscos vitais e requiren unha resposta inmediata, destaca, polo seu incidencia e necesidade de resposta inmediata, a parada cardiorrespiratoria. A causa máis frecuente de parada cardiorrespiratoria no adulto, no medio extrahospitalario, é a fibrilación ventricular. Este ritmo cardíaco caótico representa o 75-80%-80 das mortes súbitas de orixe cardíaca e require de atención inmediata, xa que por cada minuto que se atrasa o seu tratamento axeitado redúcese nun 10% a posibilidade de supervivencia da persoa que a padece. A actuación ante unha situación de parada cardiorrespiratoria hai de formar parte dunha acción integral entre os distintos intervinientes na cadea de supervivencia, que permita atender ao paciente no menor tempo posible con altos niveis de calidade e eficacia e á vez garanta a continuidade asistencial. As evidencias clínicas e científicas ratifican que a desfibrilación temperá e a reanimación cardiopulmonar básica de calidade, no seo da cadea de supervivencia, é a resposta máis axeitada e o tratamento específico da fibrilación ventricular, principal causa dos falecementos por morte súbita nos primeiros minutos dun episodio de infarto agudo de miocardio. A comercialización dos desfibrilador semiautomáticos externos, dispositivos sinxelos e seguros, capaces de



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

analizar o ritmo cardíaco e de recoñecer a presenza ou ausencia dun ritmo desfibrilable, fixo que as comunidades científicas nacionais e internacionais impulsen a utilización destes aparatos por persoal non médico debidamente capacitado, que se encontren ante situacións de parada cardiorrespiratoria, utilizando a reanimación cardiopulmonar básica e a desfibrilación inmediata, se procede, ata a chegada dos servizos de emerxencias. O Grupo Socialista formula a seguinte Moción, co gallo de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma e adopte os seguintes: **ACORDOS** 1. Buscar a colaboración das institucións (Xunta, Deputación, etc.) para a adquisición por parte do Concello de un desfibrilador automático para uso do Concello (auxiliares axuda a domicilio, instalacións deportivas). 2. Realizar cursos de formación e actualización para que o persoal destinado o manexo do aparello estea en condicións de usalo correctamente, a 20 de Decembro de 2011 Asdo. Cándido Prieto Lago. **Os membros do pleno por unanimidade aprobaron a moción anterior coa emenda seguinte: o primeiro punto do acordo queda redactado do seguinte xeito** 1. Solicitar información e buscar a colaboración das institucións (Xunta, Deputación, etc.) para a adquisición por parte do Concello de un desfibrilador automático para uso do Concello (auxiliares axuda a domicilio, instalacións deportivas)

O Concelleiro D. Cándido Prieto Hermida explica que se trata dun desfibrilador automático moi fácil de usar e que podería estar a disposición do Concello para as instalacións deportivas ou cando hai un acontecemento especial onde concorren moita xente, e afirma que falou coa enfermeira do centro de saúde e esta disposta a ensinar o seu manexo a calquera e que vaise a realizar un curso para auxiliares de axuda no fogar onde se ensina o seu manexo.

A Alcaldesa afirma que non centro de saúde xa hai un e que debemos infórmanos antes de tomar a decisión porque se debe saber quen o pode usar e como podemos regular o seu uso polo que solicita que se incorpore á moción a posibilidade de informarnos antes de solicitar a colaboración para adquirilo

O Concelleiro D. Roberto Oscar López López entende que é positivo ter este aparato, pero quen o use debe ter uns coñecementos básicos do seu manexo e entende que se debe estudar a súa ubicación para que teña unha dispoñibilidade inmediata.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro fai a seguintes preguntas:

1.- Solicita información sobre os sobrantes depositados en Boucido. O Concelleiro D. Juan Ramos Prieto afirma que é certo que botar algo, pouca cousa, e que se esta a falar coa empresa para que os retire

2.- Manifesta a Alcaldía o malestar veciñal que hai co apagado das farolas preto das vivendas e propón que se tomen outras medidas como regular mellor o horario de apagado ou que se apague unha si e outra non. A Alcaldesa afirma que o tratada coa empresa foi que se non se apagan as luces que alumearan as vivendas.

3.- Pon de manifesto as queixas que hai porque a auga en Cerdido sabe mal e que houbo unha inspección nun local de hostalería e que a auga estaba sen clorar e que o encargado da auga lle dixo que estivera a auga tres días sen clorar. A Alcaldesa afirma que ninguén lle dixo nada e que pode ser que o local teña unha traída de auga particular e afirma que o encargado da auga non lle dixo nada e ademais a traída ten un clorador automático.

4.- Pon en coñecemento da Alcaldía que a pista que vai a dar a Barqueira Vella esta en mal estado e que un maderista informou a un veciño que non podía sacar madeira por ela porque non pasa o camión. Así mesmo pon no seu coñecemento que a pista de Aldar esta en mal estado e solicita un control sobre as empresas que sacan madeira. O Concelleiro D. Juan Ramos Prieto afirma que a pista ten algo de lama pero que el pasou fai pouco co seu coche.

5.-Solicita da Alcaldesa os informes solicitados noutro Pleno así como os informes solicitados por escrito da Secretaria e o Traballador Social dado que había un prazo de cinco días e non se nos contestou nada. A Alcaldesa afirma que os informes técnicos se lle pasou e en relación os informes da Secretaria e o Traballador Social xa falou con Cándido e se esta a espera de saber canto hai de aportación da Deputación para poder facelos.


6.- Informa a Alcaldía que durante estes días realizáronse obras de asfaltado cando esta chovendo. A Alcaldía explica que as empresas teñen orden de non facelo e que si as ben que avisen.

7.- Solicita información sobre que partidas se adicaron para asfaltar o aparcamento da escola de Os Casas e para a adquisición de marquesiñas, A Alcaldesa afirma que o aparcamento se financiou cunha subvención da Deputación de investimento de cultura e que as marquesiñas se adquiriron cunha partida que había e son mais baratas que as anteriores porque son algo mais pequenas.

8. Solicita que se lle avisen cando vai o técnico a medir as obras, para poder certificar as obras.

Solicita saber en que están empregados os cartos sobrantes da feira e que actos se van a realizar para promocionar a feira. A Alcaldes afirma que os cartos están sen empregar e en canto a promoción da feira poderse realizar algún folleto

Roga a alcaldía que no caso que veñan os técnicos de deportes da Deputación que se lle amose o estado das pistas deportivas de Os Casás, de O Castro dado que están moi deterioradas, ademais solicita que as bicis do polideportivo se poñan a uso público e pregunta cando se vai a colocar a rede do colexio. O concelleiro D. Juan Ramos Prieto contesta que a rede xa esta alí e se esta esperando a que mellore o tempo para colocala.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

Pregunta cal é o horario dos traballadores municipais. A Alcaldesa afirma que os operarios é de 8:30 a 13:00 e de 14:30 a 18:00, o horario de Vituco e de 8:00 que vai a ver a auga, despois vai o colexio e a piscina ata a 13:00 e pola tarde o colexio cando saen os nenos e despois a piscina o horario da animadora e pola mañá e pola tarde na aula informática ou noutros días que hai cursos ou exposicións as de axuda no fogar de 9:00 a 13:00 e de 16:00 a 20:00 e os funcionarios de 8, 30 a 14: 00 de atención o publico aínda que as veces cheas as oito e veñen pola tarde para atende o traballo que se precise sen atención o público.

O Concelleiro D. Roberto O. López López ponde manifesto a Alcaldía que preto de Vilela escorrentou a pista e que hai lama preto da ponte así como que hai un alumeado publico no chan en A Vila da Igrexa onde hai farolas que non alumean. A Alcaldesa afirma que en A Vila da Igrexa hai un problema cun cable e que se apagaron as farolas como precaución e por iso por que se acenderon as que están xunto o campo da festa.

O Concelleiro D. Álvaro Rodríguez Graña pon en coñecemento da Alcaldía que na pista que vai O Castro desprendese terra.

O Concelleiro D. Cándido Prieto Hermida roga a Alcaldía para que se amañe unha tapa de rexistro que hai en Porto, xunto O Tropezón.

Solicita información sobre a posible ampliación do cemiterio, A Alcaldesa afirma que ten coñecemento da iniciativa veciñal pero será necesario realizar unha modificación puntual do Plan Xeral de Urbanismo.

E, non habendo mais asuntos que trata e sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do serán do día vinte e dous de decembro de 2011, a Presidencia deu por rematada a sesión. Do que eu como Secretaria dou fe:

A Alcaldesa

A Secretaria

Asdo. Ana Rodríguez Montero

Asdo. Paula Díaz Tie